



Charla – concerto

Venres, 18 de decembro ás 19h00 no Auditorio do Museo do Pobo Galego

**** PRAZAS LIMITADAS

O pouso da violencia contra as mulleres no cancionero tradicional e popular galego

Con **Branca Villares** e **Pablo Pintor**

Sobre a actividade

Esta charla - concerto didáctico é froito dun traballo de investigación e **discusión do cancionero popular galego** que Branca Villares desenvolveu co seu alumnado de canto nas aulas. Este traballo centrouse en **detectar aspectos que poden supoñer apoloxía da violencia contra as mulleres** e que, dalgún xeito, contribúen a perpetuala e normalizala, non censurando senón contextualizando e reformulando o seu uso. Parte do repertorio co que traballa Branca, sobre todo, recollas da montaña luguesa ou as realizadas por Mini e Mero como as de Florencio, o cego dos Vilares, que están despositadas no [APOI \(Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade - Museo do Pobo Galego\)](#). Esta actividade ten como fin **revisar e repensar os arquivos de tradición oral que se conservan nalgunhas institucións** como a nosa, o Museo do Pobo Galego, **dende a actualidade** e, como non, **dende unha perspectiva de xénero**.

Branca Villares é música e mestra de música tradicional en Lugo e diferentes lugares da provincia (Tradescola, Escolas Municipais de Rábade, Begonte, Outeiro, Escola OXeitO, e

outras entidades culturais). Capitanea un proceso colectivo de reflexión, que xa vai polo seu cuarto ano de vida, no que promove a discusión entre as súas alumnas e alumnos nas máis de 15 escolas nas que traballa. Parte da súa investigación foi publicada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega este mesmo ano.

****** PRAZAS LIMITADAS**

Duración aproximada: **2 horas**.

Prezo da actividade: **3 euros (de balde para persoas socias do Museo)**

É obrigatorio reservar praza no correo electrónico servizosdeac@museodopobo.gal a través do cal se farán as indicacións para facer o **pagamento**.



Museo do Pobo Galego

